

Lingua Galega e Literatura I

A LITERATURA NOS SÉCULOS XV, XVI, XVII E XVIII



PERÍODOS OU ETAPAS



01

OS EPÍGONOS TROBADORES

Textos que seguen os modelos da lírica medieval na entrada ao Renacemento,

02

A LITERATURA DO GALEGO MEDIO

Obras entre os séculos XVI e XVIII

03

A ILUSTRACIÓN

Obras e autores galegos pertencentes ao movemento da Ilustración

OS EPÍGONOS TROBADORES

OS EPÍGONOS EN CASTELA

Conxunto de textos recollidos en cancioneiros casteláns que continúan cos moldes trobadorescos entre os séculos XV e XVI. Destaca o Cancioneiro de Baena.

OS EPÍGONOS EN PORTUGAL

Textos recompilados no Cancioneiro de García de Resende que, en Portugal continuaron a forma de compoñer dos trobadores até o século XVI.



OS EPÍGONOS TROBADORES

O paso da Idade Media ao Renacemento trouxo consigo unha serie de mudanzas na lírica na Coroa de Castela que provocaron o abandono da lírica trobadoresca pola poesía renacentista, ao tempo que a situación política provocaba un cambio da lingua empregada.

CANTIGAS FEITAS
PARA SER CANTADAS

POESÍA FEITA PARA
SER LIDA

RAZÓNS CULTURAIS

GALEGO

CASTELÁN

RAZÓNS POLÍTICAS



A LITERATURA DO GALEGO MEDIO



CULTA

Contamos con escasos documentos de literatura culta, case todos eles líricos ou teatrais.



POPULAR

Na literatura popular atopamos vilancicos, romances e cancións.



LITERATURA CULTA



POESÍA

Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués (XVI)

Composicións das Exequias da raíña Margarida (XVII)

Composicións das Festas Minervais (XVII)

Décimas ao Apóstolo Santiago (XVII)

TEATRO

Contenda dos labradores de Caldelas
(Entremés famoso sobre a pesca do río Miño, XVII)

PROSA

Historia da Santa Igrexa de Iria (XVIII)



LITERATURA POPULAR



VILANCICOS

Composicións de carácter relixioso que situaban os principais acontecementos relacionados coa vida de Xesús en Galicia.

Teñen especial éxito en Mondoñedo e Santiago de Compostela.

CANCIÓNS E ROMANCES

Pranto da Frouseira: romance que recolle a execución por orde dos Reis católicos do conde Pardo de Cela, símbolo da autonomía galega fronte ao centralismo castelán.

A ILUSTRACIÓN



A época ilustrada supón un novo momento para Galicia, pois vai haber unha serie de autores que comezan a reivindicar os dereitos políticos e lingüísticos do pobo galego, o que abre as porta ao Rexurdimento do século XIX.

Neste sentido destacan figuras ilustradas coma o Padre Feixoo, referente da Ilustración española, pero tamén Francisca de Isla ou Xosé Cornide Saavedra.

A ILUSTRACIÓN



Porén, a figura máis relevante é Frei Martín Sarmiento, un estudoso da lingua, pero tamén un firme defensor do ensino en galego nun momento en que se comezaba a producir a escolarización nas capas máis baixas da sociedade.

É tamén autor da obra Coloquio de 24 gallegos rústicos, precursora da obra d'A gaita gallega de Xoán Manuel Pintos.